

ANEXO III

I. Proba de madurez dos ciclos de grao medio das ensinanzas deportivas.

A proba de madurez constará das seguintes partes:

-Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua galega a partir dun texto escrito.

-Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua española a partir dun texto escrito.

-Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos socioculturais.

-Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos (matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía).

Nestes exercicios valoraranse a madurez e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria. Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

II. Proba de madurez dos ciclos de grao superior das ensinanzas deportivas.

A proba de madurez versará sobre as seguintes materias comúns propias do currículo do bacharelato:

-Lingua e literatura galegas.

-Lingua e literatura españolas.

-Lingua estranxeira (inglés ou francés).

-Historia.

-Filosofía.

Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a súa realización será dunha hora para cada materia.

Neste exercicio valorarase o grao de madurez da persoa aspirante en canto á correcta comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e de síntese.

ANEXO IV

Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de madurez das ensinanzas deportivas para o curso 2010-2011:

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Ricardo Luís Pita Fernández	Presidente	Fernando Fernández Fraga
Secretaría	Noemí Álvarez Villar	Secretario	Miguel Aragón Fitera
Vogal 1º	Pilar Peñas Boleas	Vogal 1º	María Paz Gago
Vogal 2º	Mª Luz Ares Fandiño	Vogal 2º	Juan Emilio Riveiro Rodríguez
Vogal 3º	José Luís López Fontán	Vogal 3º	Mª Blanca Fraga Lago
Vogal 4º	Carmen Meiriño González	Vogal 4º	Ana Isabel Campo Cabana

ANEXO V

1. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico das ensinanzas deportivas en fútbol sala para o curso 2010-2011:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Isabel Serna Masiá
Secretario	Miguel Aragón Fitera	Secretaria	María Paz Gago
Vogal 1º	José Manuel Rivas Casal	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Isidro Grela Mosquera	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

2. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en fútbol para o curso 2010-2011:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Isabel Serna Masiá
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretaria	María Paz Gago
Vogal 1º	José Manuel Martínez Paz	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Luis Carlos Parada González	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Juan José Vila Seoane	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

3. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en baloncesto para o curso 2010-2011:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Isabel Serna Masiá
Secretario	Manuel Javier Álvarez Seoane	Secretaria	María Paz Gago
Vogal 1º	Vicente de Becerra Gil	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Iván Villar Fernández	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

4. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en balonmán para o curso 2010-2011:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Isabel Serna Masiá
Secretario	Ramón Pazos Solla	Secretaria	María Paz Gago
Vogal 1º	Emilio Pintos Soto	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Fco. Javier González García	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

5. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en atletismo para o curso 2010-2011:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Isabel Serna Masiá
Secretario	Eduardo Pérez Romero	Secretaria	María Paz Gago
Vogal 1º	Pilar Veiga Barbazán	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Santiago Cabado Estraviz	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 7 de xuño 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano e se convocan para o ano 2010.

Advertido un erro na Orde do 7 de xuño de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 110, do 11

de xuño de 2010, cómpre facer a oportuna corrección:

No artigo 19º, que leva como título Documentación:, no número 3. Establecementos *Sandach* de almacenado e procesado intermedio de subprodutos:, na páxina 10.560, onde di: «c) Memoria técnica específica cos requisitos indicados nos números 1 e) e 2 b) do artigo 11º», debe dicir: «c) Memoria técnica específica cos requisitos indicados no número 1 f) e 2 b) do artigo 11º», no número 4. Establecementos SANDACH dedicados á transformación, destrución ou valorización de subprodutos, na páxina 10.560, onde di: «c) memoria técnica específica cos requisitos indicados no número 1 e) e 2 b) do artigo 14º», debe dicir: «c) memoria técnica específica cos requisitos indicados no número 1 f) e 2 b) do artigo 14º».

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 29 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e se convocan as correspondentes ao ano 2010.

Na Comunicación COM (2009) 103, do 3 de marzo de 2009, da Comisión ao Consello e ao Parlamento, Mellorar o acceso das zonas rurais ás modernas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a Comisión reconece que a utilización eficaz das tecnoloxías da información e da comunicación, impulsada por un mellor acceso á internet de alta velocidade (banda larga), desempeña un papel fundamental para aumentar a produtividade e promover a innovación en Europa e, en particular, nas zonas rurais.

Neste contexto, a comisión anima os estados membros a impulsar as sinerxías e complementariedade entre os instrumentos da política rexional, a política de desenvolvemento rural e as políticas nacionais en materia de TIC, para superar os desequilibrios territoriais no relativo ao acceso á banda larga, máis acusados nas zonas rurais.

Para reforzar a contribución da política de desenvolvemento rural á mellora do acceso á banda larga, o Regulamento 473/2009, do 25 de maio, polo que se modifica o Regulamento 1698/2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), engade aos novos retos da revisión médica do PAC unha nova prioridade relativa ás infraestruturas de banda larga no medio rural, que, no caso do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, se implementa a través da medida 321 -servizos básicos para

a economía e a poboación rural-, xestionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), mediante actuacións encamiñadas a mellorar o acceso ás TIC, apoiando a dotación de infraestruturas a nivel local e aos servizos e actuacións complementarias, destinados a superar a brecha dixital que sofren actualmente as áreas rurais.

Pola súa banda, no contexto máis amplo da Estratexia de Lisboa, os estados membros están a impulsar plans para acelerar o desenvolvemento das TIC e, especificamente, incrementar o grao de penetración da banda larga mediante o despregamento das correspondentes infraestruturas. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello da Xunta do día 18 de febreiro de 2010 aprobou o Plan director de banda Larga 2010-2013 (PDBL), que constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas teñan acceso de calidade á banda larga como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia.

No marco do PDBL, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica -órgano da administración autonómica ao cal compete o impulso e promoción do PDBL- e Agader, subscribiron o 12 de maio de 2010 un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de banda larga no territorio rural galego, en relación coa liña estratéxica 1.-Despregamento de infraestruturas do PDBL, que se concreta, entre outras actuacións, na tramitación dunha convocatoria pública de subvencións, co obxectivo de estender redes de transporte de alta capacidade nas zonas obxectivo que se determinen, segundo a zonificación que deriva do propio PDBL.

Nas directrices comunitarias para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda larga, a Comisión Europea mantén que unha intervención estatal selectiva no ámbito da banda larga pode contribuír a reducir a fenda dixital que se abre entre zonas nas cales se dispón de servizos de banda larga accesibles e competitivos e as zonas que carecen dos ditos servizos. A licitación aberta garante a transparencia a todos os investidores que desexen presentar ofertas para a realización do proxecto subvencionado.

Tendo en conta o anterior, e no marco das competencias delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007,

RESOLVO:

1. Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais Galicia, que se achegan a esta resolución como anexo I.

2. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria correspondente ao ano 2010, que se unen a esta resolución como anexo II:

Modelo A). Solicitud.

Modelo B). Declaración doutras axudas e declaración responsable.